

## Concello de TOURO (A CORUÑA)

### Bases contratación persoal técnico para atención Centro de interpretación do Río Ulla:

Examinadas as bases para a contratación dun técnico para a atención de museos e centros de interpretación con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña( Programa F0216/2018); a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar as bases que se transcriben a continuación:

#### "1.-Obxecto.

O obxecto da convocatoria é a contratación dun técnico para a atención de museos e centros de interpretación , para o Centro de Interpretación do Concello de Touro, referido fundamentalmente o río Ulla, en réxime de contratación laboral temporal, cun contrato a tempo parcial de duración determinada por obra ou servizo, segundo a subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña( programa F0216/2018)

A duración do contrato será de catro meses, desde a firma do correspondente contrato, cunha xornada semanal de 25 horas, podendo ser o horario de mañá ou de tarde, en días hábiles ou inhábiles ou festivos.

O contrato poderá ser ampliado ou prorrogado, no seu caso. En ningún caso se poderá adquirir a condición de persoal fixo, salvo a superación do proceso selectivo correspondente.

As remuneracións será de 875 euros brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

2.- Os aspirantes deberán ter a seguinte formación segundo se establece nas bases da convocatoria :

-Grao, licenciatura, ciclos formativos, master, postgrao relacionados cos algúns dos campos da cultura , turismo, patrimonio, desenvolvemento local, e/ ou a xestión cultural.

3.- Para a contratación do citado persoal realizarase un anuncio nun xornal de ampla difusión e na páxina web do Concello. O prazo de presentación de instancias será de oito días naturais.

Os anuncios sobre admisión de candidatos e valoracións en fase de concurso e entrevistas realizaranse na páxina Web do Concello.

4.- A Comisión de selección estará formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. José Antonio Gómez Pedreira, Secretario do Concello.
- Vogais.....: María Nieves González Mujico
  - María Paz Gutiérrez Abella, traballadora social.
  - Secretario.: D. Jesús José Reboredo González, Administrativo, que actuará con voz pero sen voto.

O Sr. Alcalde poderá designar membros suplentes da comisión de selección que foran preciso no caso de vacantes.

5.- Os criterios de selección serán os seguintes:

A Comisión tamén terá en conta a especial relación das titulacións , cursos , experiencia e outros méritos relacionados co medio ambiente ou similares, por tratarse dun centro de interpretación con incidencia nestas materias.

- a) Outras titulacións relacionadas co traballo a desenvolver distintas da aprobada como requisito para participar, incluídas as titulacións relativas a coñecementos de informática: ata un máximo 1,5 puntos.
- Por titulación de grao medio ou FP I: 0,25 puntos.
  - Por titulación de grao superior ou FP II: 0,5 puntos.
  - Por master non universitario: 0,75 puntos.
  - Por titulación universitaria: 1 punto.
  - Por máster universitario: 1,25 puntos.

- b) Cursos, seminarios e xornadas relacionadas coa actividade a desenvolver: ata un máximo de 1,25 punto:
- Por seminarios, xornadas etc., con duración inferior a 10 horas: 0,05 puntos.
  - Por cada curso de 10 a 50 horas: 0,10 puntos.
  - Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,25 puntos.
  - Por cada curso de máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Só se valorarán unha vez cursos de idéntico contido.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresa a súa duración en horas e expresar con suficiente claridade a seu contido básico. Dentro da denominación de "curso" entenderanse incluídos os "seminarios", "xornadas" e "simposios" e termos equivalentes.

Só se estimarán os cursos impartidos por organismos da administración, institucións públicas ou centros privados homologados .

- c) Coñecemento de idiomas: ata un máximo de 1,25 punto.
- d) Coñecementos do galego: ata un máximo de 0,75 puntos
- Curso de iniciación CELGA 3 ou equivalente: 0,25 puntos.
  - Curso de perfeccionamento CELGA 4 ou equivalente: 0,5 puntos.
  - Curso CELGA 5 ou equivalente: 0,75 puntos.
- e) Experiencia laboral: ata un máximo 2,25 puntos.
- Servizos prestados en postos de igual natureza nas Administracións Públicas:
    - En concellos : 0,20 puntos por mes de servizo completo.
    - Noutras administracións públicas: 0,10 puntos
  - Servizos prestados en postos de igual natureza en empresas privadas: 0,05 puntos por mes de servizo completo.

f) Entrevista persoal: ata un máximo de 3 puntos, na que se valorará a aptitude, coñecementos sobre o traballo a realizar, dispoñibilidade, coñecemento do medio. A estes efectos poderase realizar unha proba escrita para avaliar o coñecemento dos candidatos nas materias sobre o traballo a realizar.

6.- Para pasar a fase de entrevista será preciso acadar como mínimo 3,5 puntos na fase de valoración do curriculum.

7.- A Comisión de selección propoñerá ao señor Alcalde a contratación do candidato que obteña a maior puntuación no proceso de selección.

8.- A Comunicación a Xunta de Goberno das contratacións realizadas entenderase efectuada coa aprobación da primeira nómina.

9.- As presentes bases teñen carácter administrativo e sometidas os xulgados do contencioso-administrativo competentes.”

Touro xuño 2018;